



CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, NO CORPO DE XESTIÓN DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO A2

En sesión que tivo lugar o 22 de xaneiro de 2025, o tribunal nomeado por Resolución do 11 de novembro de 2024 (DOG núm. 220 do 14 de novembro) para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, convocado por Resolución do 16 de novembro de 2023 (DOG núm. 222, do 22 de novembro), acordou de conformidade coa base II.1.2.10 da convocatoria, establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo.

1. CUESTIÓN XERAIS SOBRE A PROBA

O primeiro exercicio consiste na resolución por escrito un cuestionario de cento vinte (120) preguntas tipo test, relacionado co anexo I do programa.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha é correcta.

O exercicio terá cinco (5) preguntas de reserva. Estas preguntas adicionais de reserva so serán valoradas no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

As persoas aspirantes deberán sinalar na folla de exame as opcións de respostas que estimen válidas consonte ás instrucións que se lles faciliten.

A puntuación máxima desta proba será de 30 puntos.

As regras de puntuación serán as seguintes:

- a) Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación.
- b) Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.
- c) As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.

O tempo máximo de duración desta proba será de cento cincuenta (150) minutos.





2. DETERMINACIÓN DA SUPERACIÓN DA PROBA E DO NÚMERO DE APROBADOS

O exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de 15 puntos.

O tribunal acordou que a superarán o primeiro exercicio as persoas aspirantes que, aplicando as regras de puntuación descritas no apartado 1, obteñan un mínimo de 40% das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.

Asignarase unha valoración de 15 puntos ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte. O resto das persoas que superen a proba terán unha cualificación distribuída entre os 15 e os 30 puntos proporcional ó número de respostas acertadas. Do mesmo xeito, asignarase a puntuación proporcional que corresponda ás persoas aspirantes que non superen esta proba test.

Santiago de Compostela, (asinado dixitalmente)

O presidente do tribunal

Luís Miguel Vázquez Carreira